

CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa Carmen, 3 - 15830 - Negreira (A Coruña)

ASUNTO: Información pública do proxecto de trazado dos treitos comúns no Camiño Fisterra – Muxía. Fomento da mobilidade sostible.

Clave: 2025 / 016

Por Resolución da Dirección Xeral de Turismo de Galicia da Xunta de Galicia, de 3 de febreiro de 2026, apróbase provisionalmente o proxecto de trazado do epígrafe de clave 2025-016, polo que de conformidade ao artigo 21.2 da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas infórmaselles que na paxina web https://www.turismo.gal/canle-institucional/transparencia/procedementos-de-informacion-publica/treitos-fisterra-muxia?langId=gl_ES dispoñen para a súa consulta do documento referido neste oficio; debido a que se acordou sometelo ao trámite de información pública durante un prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia prevista para o día 5 de maio de 2026.

Así mesmo, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior sométese a información pública o referido documento, aos efectos previstos no art. 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa.

Por isto, solicítaselle que **insiran no taboleiro de anuncios** dese concello o anuncio de dito trámite, coa finalidade de que os interesados formulen alegacións durante un prazo de trinta (30) días hábiles (a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *DOG*), na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que unicamente poderán ser tidas en conta neste trámite as observacións relativas á concepción global do trazado exposto.

Rematado o período de información pública, solicítaselles a **expedición e remisión a Área de Obras e Mantemento da Axencia Turismo de Galicia dun certificado**

Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal





no que se faga constar que o proxecto estivo a exposición pública durante o prazo establecido, se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo

En Santiago de Compostela asinado dixitalmente
O director de Turismo de Galicia,
José Manuel Merelles Remy

